



## A caridade é parte da evanxelización

por Jaime Barrecheguren Beltrán,  
Delegado Episcopal da Acción Socio-Caritativa da Diocese de Tui-Vigo

“A testemuña da caridade de Cristo mediante obras de xustiza, paz e desenvolvemento forma parte da evanxelización”, son estas palabras do papa Pablo VI na encíclica *Evangelii nuntiandi* coas que pretende aclarar a relación entre o anuncio de Cristo e a promoción da persoa na sociedade.

Aínda está recente o Nadal no que celebramos o nacemento á vida terrea de Xesucristo, fillo de Deus, que sendo rico fíxose pobre entre os pobres para anunciar a Boa Nova, e pronto celebraremos a Pascua de resurrección.

O desenvolvemento económico estivo, e o está aínda, doente por desviacións e problemas dramáticos, que a crise actual puxo de manifesto, e que nos leva a que 58.300 familias galegas estean, con tódolos seus membros, en situación de desemprego (INE 2009); que o 13,12 % da poboación galega estea en paro, o que supón 200.465 persoas desempregadas (EPA 2009); que 403.265 persoas en Galicia estean en resgo de pobreza e exclusión (II Plan Galego de Inclusión Social), e que case o 25 % de nenos e nenas galegas viva na pobreza moderada (Informe FOESSA).

A crise, dinos Benedicto XVI na encíclica *Cáritas in veritatis*, “obríganos a revisar o noso camiño, a darnos novas regras e a atopar novas formas de compromiso, a apoiarnos nas experiencias positivas e a rexeitar as negativas”. Deste xeito, a crise convertese nunha ocasión de discernir e proxectar dun modo novo (II-21).